



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 21.04.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 21 de abril de 2025 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anteriores: sesión extraordinaria do Pleno do 07.04.2025.
2. Actuacións preparatorias para nova contratación da concesión do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e saneamento, tratamento e depuración de augas residuais (ciclo integral da auga do concello de Miño).
3. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 10.02.2025 (resolución número 88/2025) ata a 13.04.2025 (resolución número 333/2025).
4. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 11.02.2025, 19.02.2025, 07.03.2025, 19.03.2025 e 25.03.2025.
5. Mocións.
 - 5.1. Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Miño sobre superavit presupostario do ano 2024.
 - 5.2. Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Miño para a promoción do patrimonio cultural e arqueolóxico de Miño.
 - 5.3. Moción do Grupo Mixto- BNG sobre a posta en marcha dun Plan Municipal de Vivenda
 - 5.4. Moción do Grupo Mixto- BNG sobre a aplicación de descontos en actividades culturais municipais a colectivos vulnerábeis.
 - 5.5. Moción do Grupo Mixto- BNG para amosar o rexeitamento do Pleno ao proxecto de construción da macrocelulosa de Altri en Palas de Rei.
6. Informes do equipo de goberno.
7. Rogos e preguntas.

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira